



Avda. de San Sadurniño 19  
15552 Valdoviño  
Tlfno:981487700 FAX: 981487063  
[cpi.atios@edu.xunta.es](mailto:cpi.atios@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.es/centros/cpiatios/>

Nota informativa sobre o proceso de admisión

1º. Que cada alumna e alumno só **pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar**, advertindo que a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

2º. Que o alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, **se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo**, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.

3º. Que o alumnado que ten **reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia** á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

e) O prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios alegados para o baremo, se é o caso.

---

**PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN****22 de abril ao 3 de maio**

---

f) Calendario que inclúe a data de publicación das listaxes do alumnado admitido e non admitido e os prazos para formular reclamación.

---

**PUBLICACIÓN DE LISTAXES PROVISIONAIS DE ADMITIDOS****Antes do 10 de maio**

---

**PUBLICACIÓN DE LISTAXES DEFINITIVAS DE ADMITIDOS****Antes do 31 de maio**

---

g) Prazo para formalizar a matrícula que deberá axustarse ao modelo normalizado do anexo III desta orde.

---

**MATRICULACIÓN ALUMNADO DE E. INFANTIL E PRIMARIA****20 ao 30 de xuño**

---

**MATRICULACIÓN ALUMNADO DE E.S.O.****25 de xuño ao 10 de xullo**

---

**PRAZO EXTRAORDINARIO****1 ao 10 de setembro**

---

h) Centros que ten adscrito **o CPI Atios e o CRA de Valdoviño**

i) Servizos complementarios que ofrece o centro son **o de transporte e comedor**

1. O alumnado matriculado nun centro docente que desexe cambiar a outro centro, o alumnado que pretenda continuar estudos nun centro de adscrición cando o número de prazas dispoñibles sexa inferior á demanda, e o alumnado que solicite posto escolar por primeira vez, presentará a solicitude que deberá axustarse ao modelo normalizado (anexo II)

2. Esta solicitude será única e terá carácter vinculante. Non é posible modificar os centros relacionados nin a súa orde de prelación; a corrección de erros materiais nos datos do formulario, poderá realizarse mediante comparecencia ou escrito dirixido ao centro educativo solicitado en primeiro lugar.

3. O impreso será facilitado gratuitamente nos correspondentes centros docentes e poderá descargarse da páxina web desta consellería.

4. A solicitude terá que estar asinada por calquera das/os titulares da patria potestade ou representantes legais.

No caso de separación ou divorcio será necesaria a sinatura de ambas/os proxenitoras/es, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. En ambos casos, será necesario presentar, xunto coa solicitude de admisión, a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo polo centro educativo.

No suposto de alumnado afectado por situación de violencia de xénero non será exixible o previsto no parágrafo anterior.

. A solicitude irá dirixida á dirección dos centros públicos e á titularidade dos centros privados concertados, e presentarse no centro indicado en primeiro lugar.

6. Cada solicitude poderá conter unha relación de ata seis centros, por orde de preferencia. No caso de que a persoa solicitante non fose admitida no centro indicado en primeiro lugar, aplicarase o procedemento para a adxudicación subsidiaria de postos escolares regulado na orde.

7. A persoa interesada terá dereito a que o centro lle expida copia ou xustificante, con data e selo, acreditativa da presentación da solicitude.

8. O centro educativo deberá rexistrar a solicitude na aplicación de xestión académica e administrativa desta consellería (XADE), nos tres días hábiles seguintes ao da súa presentación.

As persoas interesadas autorizarán expresamente á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a solicitar ante o Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a información de identidade persoal necesaria para o proceso de admisión. De non autorizar esta consulta, deberán achegar copia do documento de identidade correspondente.